

AS DILIXENCIAS DEBIDAS EN DEREITOS HUMANOS, RUSIA COMO PUNTO DE PARTIDA DUNHA MAIOR RESPONSABILIDADE CORPORATIVA



Jose G.
Santalla
FUNDACIÓN
GALICIA EUROPA

"SÓ O 8,5%
DAS EMPRESAS
DA UE E O G7
ABANDONARON
RUSIA,
REPRESENTANDO
UN 6,5% DOS
BENEFICIOS ANTES
DE INTERESES
E IMPOSTOS
(BAIT) (...) AQUÍ É
ONDE ENTRAN
EN XOGO AS
DILIXENCIAS DEBIDAS
EN DEREITOS
HUMANOS"

A invasión rusa de Ucraína supuxo o retorno do conflito armado ao noso continente, non visto dende as guerras iugoslavas dos anos 90. Moito cambiou dende finais do século XX, pero unha cousa segue a ser igual, a condena firme da guerra pola Unión Europea. Neste caso, as accións comunitarias están a suceder en forma de sancións económicas, un xeito que busca forzar a Rusia para que poña fin á invasión.

Moitas **empresas abandonaron o territorio ruso ou reduciron a súa presenza nel, en parte obrigadas polas sancións, en parte por responsabilidade corporativa** dos actos cometidos polo goberno de Vladimir Putin. Aínda así, só o 8,5% das empresas da UE e o G7 abandonaron o país, representando un 6,5% dos Beneficios antes de intereses e impostos (BAIT). Para o 91,5% restante, é correcto ficar en territorio invasor? Pode a súa actividade económica estar a axudar indirectamente na violación do dereito internacional? Aquí é onde entran en xogo as dilixencias debidas en Dereitos Humanos.

As **dilixencias debidas en Dereitos Humanos son unha análise coa que as empresas comprobán se a súa actividade transnacional está a cometer, directa ou indirectamente, vulneracións dos dereitos da poboación** deses territorios nos que operan, principalmente aqueles en conflito. Estes estudos contan con tres eixos: o deber estatal de protección dos Dereitos Humanos, a responsabilidade corporativa de respectalos e a accesibilidade a remedios fronte as vulneracións. Ademais, están relacionados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas.

No contexto ruso, o Centro de Investigación de Negocios e Dereitos Humanos fixo unha enquisa con empresas estranxeiras en territorio ruso. Das 115 participantes, 57 mostraron a súa profunda preocupación pola guerra e aportaron documentación de donativos e axudas a Ucraína en materia humanitaria. Segundo a profesora Laura Ínigo, "as empresas teñen que pensar, polo lado ruso, se a súa actividade contribúe coa invasión e, polo lado ucraíno, se a súa marcha evitaría a provisión de medicamentos, alimentos e outros servizos básicos". Unha cousa está clara, **o impacto deste conflito en Europa é superior ao impacto doutros sitios como Siria ou Iemen**, polo que é unha oportunidade para poñer o foco neste contexto, esquecido neses outros sitios.

No panorama europeo, a Comisión adoptou no ano 2022 unha proposta de Directiva que inclúe, ademais, o impacto medioambiental. A nivel español, está en marcha o anteproxecto da Lei de Protección dos Dereitos Humanos, da Sustentabilidade e da Dilixencia Debida nas actividades empresariais transnacionais. Cunha perspectiva autonómica, non están moi claras as competencias dos gobernos rexionais neste eido, pero **Cataluña deu un primeiro paso coa creación do Centro Catalán de Empresa e Dereitos Humanos**.

En definitiva, o *disengagement* con Rusia pode ser unha oportunidade para adoptar estándares de dereitos humanos nas actividades empresariais externalizadas, do mesmo xeito que a crise enerxética pode ser unha aposta firme por novas fontes de enerxía. Queda por ver se esta responsabilidade corporativa será permanente ou excepcional.